

VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS**

ANUNCIO do 26 de xaneiro de 2023 polo que se somete ao trámite de información pública o proxecto de trazado de mellora dos accesos ao Centro Hospitalario da Coruña (CHUAC), así como a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados polo proxecto referido (clave AC/21/215.30.1).

Antecedentes:

Mediante Resolución da Dirección da Axencia Galega de Infraestruturas do 26 de xaneiro de 2023 aprobouse provisionalmente o proxecto de trazado da mellora dos accesos ao CHUAC, de clave AC/21/215.30.1, no municipio da Coruña.

A descrición da actuación pódese consultar na páxina web da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade: <https://infraestruturasmobilidade.xunta.gal/transparencia/procedementos-informacion-publica/estudos-proxectos>, na respectiva ficha descritiva do proxecto.

Os accesos proxectados contan con cadansúa intersección coas estradas de titularidade estatal AC-12 e AC-10. No que respecta á estrada AC-12, na actualidade está en fase de tramitación o cambio de titularidade a favor da Xunta de Galicia do treito da devandita estrada afectado polos accesos ao centro hospitalario. Así mesmo, a vía de conexión proxectada coa AC-10 ten carácter provisional, de feito que a súa funcionalidade se atinxe co período de tempo que duren as obras do hospital.

O proxecto foi sometido á avaliación de impacto ambiental simplificada, de feito, con data do 10.10.2022, a Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático formulou o informe de impacto ambiental da mellora da funcionalidade e seguridade dos accesos ao CHUAC, no concello da Coruña; e concluíu que non son previsibles efectos significativos sobre o ambiente e, polo tanto, non se considera necesario someter o proxecto á avaliación de impacto ambiental ordinaria.

Logo de considerar todo o exposto e o establecido na normativa vixente,

ACORDO:

Primeiro. De acordo co establecido no artigo 21.1 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, e no artigo 50 do Decreto 66/2016, do 26 de maio, polo que se apro-



ba o Regulamento xeral de estradas de Galicia, o mencionado documento sométese ao trámite de información pública durante un período de trinta (30) días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*, para que as persoas que o consideren oportuno poidan formular por escrito, ante a Axencia Galega de Infraestruturas, as observacións que crean convenientes relativas á concepción global do trazado deseñado.

Segundo. Simultaneamente ao trámite sinalado no parágrafo anterior, e para os efectos previstos no artigo 56.1 do Decreto do 26 de abril de 1957, polo que se aproba o Regulamento de expropiación forzosa, sométese á información pública a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados pola realización da obra correspondente, para que os afectados presenten cantas alegacións ou rectificacións consideren convenientes en canto aos bens e dereitos descritos na relación anexa.

Terceiro. Do mesmo xeito, sométese o presente proxecto á información pública para os efectos do establecido no Real decreto 849/1986, do 11 de abril, polo que se aproba o Regulamento do dominio público hidráulico, en relación coa protección do dominio público hidráulico e coas actuacións neste ou na súa zona de policía.

Cuarto. A exposición ao público, para os efectos desta resolución, realízase na Axencia Galega de Infraestruturas (San Caetano, s/n, 15781 Santiago de Compostela), no Servizo de Infraestruturas da Coruña (rúa Vicente Ferrer, 2, 15071 A Coruña) e na Casa do Concello da Coruña (praza de María Pita, 1, 15001 A Coruña).

Así mesmo, na páxina web da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade: <https://infraestruturasemobilidade.xunta.gal/transparencia/procedementos-informacion-publica/estudos-proxectos>, atópase á disposición dos interesados o proxecto de trazado de mellora dos accesos ao CHUAC, de clave AC/21/215.30.1.

Santiago de Compostela, 26 de xaneiro de 2023

Francisco Menéndez Iglesias
Director da Axencia Galega de Infraestruturas





ANEXO

**Relación de bens, dereitos e propietarios afectados
Mellora de accesos ao CHUAC
Clave: AC/21/215.30.1**

Concello da Coruña.

Núm.	Referencia catastral	Políg.	Parc.	Propietario/s	DNI	Clase de solo Catastro	Clasificación urbanística	Sit. básica do solo RDL 7/2015	Exprop. (m²)	Ocupación temporal (m²)	Bens afectados			
											Cantidad	Ud.	Descrición	
1	9995813NH4999N	99958	13	Procorsa, S.L.	B154515698	Urbano	S. urbano non consolidado	Urbanizado	75					
2	9893509NJ4999S	98935	09	María Blanca Juzgado Guyatt	***2381**	Urbano	S. urbano non consolidado	Urbanizado		1.110	39,2	m²	Muro de pedra en taco xunta seca i/pp cimentación e piares	
				Francisco Javier Juzgado Guyatt	***2556**						72,8	m²	Muro de pedra en taco con mor-teiro i/pp cimentación e piares	
				Elizabeth Mary Natividad Guyatt Iriarte	***0247**						8	ud	Arbusto xardín porte alto (h>150 cm)	
				Charles Henry John Guyatt	***0336**									
				Henry Heliodoro Alexander Guyatt	***0622**									
3	9794202NH4999N	97942	02	Instituto Médico Quirúrgico San Rafael, S.A.	A15016702	Urbano	S. urbano non consolidado	Urbanizado	74		24	m²	Muro contención de formigón armado encofrado 1 cara i/ pp cimentación e piares	
4	9794203NH4999N	97942	03	José Tenreiro Malvar (hros.)	***2437**	Urbano	S. urbano non consolidado	Urbanizado	20		20	m²	Cuberta de chapa galvanizada	
5	9692225NJ4999S	96922	25	Ramón Bahamonde Santiso	***2721**	Urbano	S. urbano non consolidado	Urbanizado	924					
				María Antonia Caballero Ruiz	***3818**									
				Leonor Ángeles Bahamonde Santiso	***5751**									
				María Victoria Bahamonde Santiso	***0161**									
6	9490520NH4999S	94905	20	Manuel Sanda Espiñeira	***7990**	Urbano	S. urbano non consolidado	Urbanizado	173					





Núm.	Referencia catastral	Políg.	Parc.	Propietario/s	DNI	Clase de solo Catastro	Clasificación urbanística	Sit. básica do solo RDL 7/2015	Exprop. (m²)	Ocupación temporal (m²)	Bens afectados		
											Cantidade	Ud.	Descrición
7	9490518NJ4999S	94905	18	En investigación		Urbano	S. urbano non consolidado	Urbanizado	42		42	m²	Soleira de formigón
8	9490517NJ4999S	94905	17	En investigación		Urbano	S. urbano non consolidado	Urbanizado	15		15	m²	Soleira de formigón
9	9692214NJ4999S	96922	14	En investigación		Urbano	S. urbano non consolidado	Urbanizado	643				
10	9692213NJ4999S	96922	13	En investigación		Urbano	S. urbano non consolidado	Urbanizado	351				
11	9692212NJ4999S	96922	12	Elvira Blanco Moreno		Urbano	S. urbano non consolidado	Urbanizado	184				
12	9692211NJ4999S	96922	11	Leonor Santiso Blanco (hros.)	***6638**	Urbano	S. urbano non consolidado	Urbanizado	624				
13	9692210NJ4999S	96922	10	Leonor Santiso Blanco (hros.)	***6638**	Urbano	S. urbano non consolidado	Urbanizado	1.296				
14	9692209NJ4999S	96922	09	Leonor Santiso Blanco (hros.)	***6638**	Urbano	S. urbano non consolidado	Urbanizado	1.913				
15	9893510NJ4999S	98935	10	Concello da Coruña	P1503000J	Urbano	S. urbano non consolidado	Urbanizado		208	27	m²	Muro de pedra sobre pedra
16	9493204NJ4999S	94932	04	Concello da Coruña	P1503000J	Urbano	S. urbano non consolidado	Urbanizado	8.026		4	ud	Árbore ornamental grande (d>30 cm)
17	8996810NH4989N	89968	10	Concello da Coruña	P1503000J	Urbano	S. urbano non consolidado	Urbanizado		719	10	ud	Árbore ornamental mediana (d 10-30 cm)
18	8996809NH4989N	89968	09	Concello da Coruña	P1503000J	Urbano	S. urbano non consolidado	Urbanizado		2.677	12	ud	Árbore ornamental grande (d>30 cm)